

Literatura galega

Anxo Tarrío Varela

Vou dar unha razón de por qué, ao meu parecer. hoxe en día, ninguén que escriba en castelán pode pretender que se lle inclúa no ámbito da literatura galega. Boto por diante a miña admiración cara a Pardo Bazán, Valle-Inclán, Cela, Torrente, Ramón Pernas, Blanca Andreu, Susana Fortes, etc.

Non é obvio que o criterio para definir unha literatura teña que ser o lingüístico. Velaí a hispanoamericana, a angolana, a norteamericana, que non utilizan as linguas autóctonas, senón as das metrópoles colonizadoras: o español, o portugués, o inglés, respectivamente. E nembargantes existen diferenciadamente respecto das literaturas española, portuguesa e inglesa.

¿Por qué? Pois porque a distancia espacial, por unha parte, e as realidades antropolóxicas, xeofísicas, históricas, mitolóxicas, etc., así como os imaxinarios correspondentes aseguran que as obras literarias posúan unha personalidade que as fai diferentes das que se escriben no interior dos países colonizadores.

Pero en casos como o da literatura galega, se se quere preservar hoxe en día a súa diferenza respecto das literaturas máis próximas e non ser fagocitada por elas, o criterio máis razoábel, lexítimo e conveniente é o lingüístico, sobre todo a partir da existencia dunha lingua estándar con garantías de estabilidade e con instrumentos de traballo fiabeis (gramáticas, dicionarios...), cousa que temos dende hai, como mínimo, trinta anos, cando empezaron a dar froitos os estudos sistematizadores e filoloxicamente serios do ILG.

Esa lingua e eses instrumentos non existían no XIX, por iso ao nos achegar a aquel século temos que flexibilizar o criterio, para non deixar fóra escritores que, como Murguía ou Vicetto, se non escribiron en galego non se debeu a ningunha animadversión ou prexuízo, senón porque non deberon sentirse seguros nel para levar a cabo tan inxente obra. Non é ese o caso da Pardo Bazán, que pretendía acurrar a literatura galega nas súas manifestacións folclóricas, sen lle dar pé a se modernizar. E aínda Valle, que elixiu o castelán cando xa o galego empezaba a dar mostras de servir para algo máis que para o rexoubeo de lareira e polo tanto a se mostrar con posibilidades de lingua literaria.

Non debemos, non queremos, renunciar, por iso, á satisfacción de termos por paisanos a Cela ou Fortes. Pero, se a literatura galega quere ter personalidade diferenciada, iso só llo garante a estas alturas a lingua na que se escribe.